

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO “SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA E LOGOPÉDICA PARA FAMILIAS E MENORES XORDOS IMPLANTADOS OU CON PRÓTESE AUDITIVA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e a mencionada federación para o desenvolvemento dun programa de atención psicolóxica e logopédica para familias con menores xordos implantados ou con prótese auditiva.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa de atención psicolóxica e logopédica a estas familias. O carácter singular deste instrumento sen convocatoria pública xustifícase na exclusión da concorrência pois a devandita entidade é a única que desenvolve este programa de atención ás familias con menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e conta cun aula de logopedia propia na Coruña, resultando que a especificidade das actuacións para levar a cabo o proxecto fai que non sexa posible promover a concorrência para a concesión dunha subvención para tal fin.

A FAXPG é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que ten entre as súas funcións a de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 15 de xuño de 2016.

